

1. Une con frechas:

- | | |
|-----------------------|--|
| • Palabras primitivas | • Son palabras formadas a partir doutra palabra. |
| • Palabras derivadas | • Son palabras que nomean a persoas, animais, cousas, lugares... |
| • Familia léxica | • Son aquelas palabras que non se derivan doutra palabra. |
| • Sustantivo | • Son un grupo de palabras que derivan da mesma palabra. |

2. Escribe a palabra primitiva da que deriva cada unha destas palabras:

- | | |
|----------------------|----------------------|
| • empapelar ► _____ | • futbolista ► _____ |
| • escurecer ► _____ | • peixaría ► _____ |
| • prerromano ► _____ | • camiñar ► _____ |

3. Cales destas palabras son derivadas?

- | | | | | | |
|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|---------|
| • xogador | • cociña | • escolar | • matinal | • domingo | • subir |
| • fume | • corda | • verdoso | • pintar | • soño | • letra |

4. Forma palabras novas engadindo os prefixos:

anti-	pre-	re-	in-	extra-	des-
-------	------	-----	-----	--------	------

- | | |
|---------------------|---------------------|
| • campaña ► _____ | • adecuado ► _____ |
| • ecolóxico ► _____ | • terrestre ► _____ |
| • acelerar ► _____ | • modelar ► _____ |

5. Escribe a forma resultante de engadir cada sufixo ás palabras indicadas:

- | | |
|-------------------------|-------------------------|
| • camiño + ante ► _____ | • leite + aría ► _____ |
| • tocar + dor ► _____ | • cociña + eiro ► _____ |
| • azul + ado ► _____ | • verbo + al ► _____ |

6. Clasifica os seguintes substantivos segundo o seu xénero e número:

	XÉNERO	NÚMERO
Coellos		
Follas		
Meniño		
Can		
Actriz		
Camións		
Raíña		
Bosques		
Aula		

7. Di se os seguintes determinantes son numerais ou indefinidos:

- | | |
|--------------|---------------|
| • ningún ▶ | • once ▶ |
| • Primeiro ▶ | • bastantes ▶ |
| • Poucos ▶ | • nada ▶ |
| • cuarto ▶ | • tres ▶ |

8. Relaciona cada forma co seu significado:

- | | |
|-------|--|
| dás • | • contracción <i>de + as</i> |
| das • | • 3. ^a persoa do verbo <i>dar</i> . |
| dá • | • nota musical |
| da • | • 2. ^a persoa do verbo <i>dar</i> . |
| dó • | • contracción <i>de + o</i> |
| do • | • contracción <i>de + a</i> . |

9. Completa estas oracións coas formas do exercicio anterior:

- Atopei o erro ____ partitura, estaba na nota ____ .
- El sempre me ____ dalgunha ____ larpeiradas que merca.
- Se non ____ feito os deberes antes, falos despois ____ merenda.

10. Relaciona:

- O Rexurdimento é...
- O inicio do Rexurdimento foi...
- Os autores do Rexurdimento son...
- As Irmandades da Fala é unha agrupación que pretende ...
- O Día das Letras Galegas consiste nun...
- Inicio das Irmandades da Fala pretende...
- Os autores das Irmandades da Fala son...
- Voceiro do Nacionalismo foi:
- Eduardo Pondal foi o autor de:
- ...proceso de exaltación da nosa lingua.
- ...Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.
- ...dignificar e promocionar a lingua galega.
- ...na segunda metade do século XIX.
- ...a recuperación da lingua e da cultura galegas.
- ...na primeira metade do século XX.
- O Himno Galego.
- ...Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte e Xosé Lesta Meis.
- A revista A Nosa Terra,